



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Raúl Fernández

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome:** CEIP Plurilingüe Raúl Fernández
- **Dirección:** Rúa Toural, 5 – Castrelo do Val (Ourense)
- **Correo:** ceip.castrelo.doval@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** www.educastrelo.com
- **Etapas educativas:** Infantil e Primaria
- **Nº de alumnos/as:** 83
- **Nº de profesores/as:** 16

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O plan dixital do CEIP Plurilingüe Raúl Fernández é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Este plan debe ser “o instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado”. Para iso, é fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, o Proxecto de Dirección e a Programación Xeral Anual (PXA).

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible.

A Educación é un recurso crave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura de dixital nas mesmas.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente plan realizamos un grupo de traballo no que participamos a inmensa maioría. Ao tratarse dun plan novo tivemos que recibir unha formación previa. Elaboramos o Plan en diferentes fases: SELFIE, Test CDD, DAFO, Plan de Acción e finalmente, Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A conectividade a Internet no centro é moi boa, xa que contamos con conexión de fibra óptica. En todos os espazos hai un punto Wifi ao que se accede co contrasinal da Xunta de Galicia. Ademáis da conectividade Wifi, todas as aulas teñen posibilidade de conectar un ordenador a internet por medio de cable Ethernet.

Todas as aulas teñen Pizarra Dixital Interactiva conectada a un ordenador con Internet.

Ademáis de ter un ordenador cada aula, existen 4 portátiles convertibles a tablet, 3 portátiles e 6 tablets para o uso do alumnado. Tamén contamos con outro tipo de recursos como 3 robots ou unhas gafas de realidade virtual/aumentada.

Dende o confinamento por Covid-19 puxemos en marcha unha nova páxina web a cal nos permite moito máis que a preinstalada pola Xunta de Galicia: www.educastrelo.com. Nela colgamos materiais de reforzo para o alumnado, temos blogue, poñemos o menú do comedor, notificacións, vídeos...

A xestión e mantemento do equipamento do centro é levado a cabo polo equipo TIC, principalmente, con chamadas á UAC ou a algunha empresa externa en momento moi puntuais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3				
	Alumnado	--				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	2,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	--				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	4				
	Alumnado	--				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	2,5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	--				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	2,9				

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>4</u>	<u>9</u>	<u>44,40%</u>
PROVISIONAL	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80,00%</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0,00%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0,00%</u>
DESPPRAZADO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50,00%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>84,8</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>97</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>97,2</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	
A2	<u>3</u>	<u>30,00%</u>
B1	<u>4</u>	<u>40,00%</u>
B2	<u>1</u>	<u>10,00%</u>
C1	<u>2</u>	<u>20,00%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0,00%</u>
TOTAL	<u>10</u>	<u>100,00%</u>

Outras fontes

Realizada unha posta en común dos resultados SELFIE e analizados cuantitativamente os resultados, elaboramos a táboa DAFO, tomando como debilidades e ameazas aqueles cunha baixa porcentaxe ou na cal exista moito desfase dirección-profesorado-alumnado. Aqueles cunha porcentaxe alta e sen dito desfase son consideradas fortalezas e oportunidades.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. O 86 % do profesorado e o equipo directivo considera que o acceso a internet é bo e seguro.</p>	<p>1. O 40% do profesorado considera necesario unha mellora na infraestrutura. 2. Máis da metade do alumnado e do profesorado cre que son insuficientes os dispositivos dixitais que o alumnado dispón no centro ou poida levar para casa. 3. O 56 % do profesorado cre insuficientes os espazos físicos para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. Máis do 70% do profesorado e do equipo directivo son conscientes e promoven o cumprimento das normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. 2. O 64% do profesorado e do equipo directivo e a maior parte do alumnado debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 3. O 60% do profesorado e o equipo directivo utilizamos as TIC ó colaborar con outras organizacións. 4. Un 88% do profesorado e do equipo directivo busca recursos educativos en internet. 5. A maior parte del profesorado (72 %) crea recursos dixitais para as súas clases. 6. O 76% do profesorado emprega contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado. 7. O 80% do profesorado utiliza recursos educativos abertos. 8. O 76% do profesorado utiliza TICs para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. 9. O 78% do profesorado emprega tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado e realiza actividades dixitais motivadoras. 10. O 62 % do profesorado emprega TICs para avaliar ó alumnado. 11. O 70% do profesorado emprega TICs para facilitar a retroalimentación. 12. O 64% do profesorado emprega TICs para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. 13. O 62% do profesorado emprega datos dixitais sobre alumnos/as concretos para mellorar a súa aprendizaxe.</p>	<p>1. Máis da metade do profesorado pensa que a estratexia dixital do centro non se concorda co profesorado e a maioría do profesorado opina que non existe ou existe de forma parcial unha estratexia dixital en o centro. 2. Case a metade do profesorado e do equipo directivo avalía os nosos progresos en materia de E-A con tecnoloxías dixitais. 3. Pouco máis da metade do profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando as TICs e o equipo directivo non é consciente desta situación. 4. Pouco máis da metade do profesorado utiliza TIC para que o alumnado poda reflexionar sobre o traballo dos seus compañeiros. 5. O 58% do profesorado facilita que o alumnado empregue Tics para facilitar a súa aprendizaxe e o equipo directivo pensaba o contrario.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. O 68% do profesorado emprega tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. 2. O 68% do profesorado valora as habilidades dixitais adquiridas polo alumnado fóra do centro. 3. A inmensa maioría do equipo directivo, e arredor do 65% o profesorado considera que o alumnado aprende a actuar de maneira segura e responsable en internet no centro. 4. O 80% do equipo directivo e o 66% do profesorado cre que no centro o alumnado aprende a verificar a calidade da información en Internet. 5. O 80% do equipo directivo e o 66 % do profesorado considera que o alumnado aprende a dar crédito ó traballo doutras persoas atopado na rede.</p>	<p>1. Aínda que para a maioría do profesorado e do equipo directivo considera que o acceso a Internet é unha fortaleza, a metade alumnado considera que é insuficiente. 2. O 60% do profesorado cre que o alumnado non debe traer dispositivos propios e utilízalos durante as clases. 3. Menos da metade do alumnado pensa que o profesorado lle asigna diferentes actividades acordes ás súas necesidades. 4. A metade do alumnado non participa máis cando se emprega a tecnoloxía. 5. O 58% do alumnado considera que non aprende a actuar de maneira segura en internet no centro. 6. O 56% do alumnado cre que no centro o alumnado aprende a verificar a calidade da</p>

		<p>6. O 80% do equipo directivo pensa que o alumnado aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>7. O 80% do equipo directivo, pensa que o alumnado aprende a comunicarse usando TIC.</p> <p>8. O 90% do equipo directivo e o 60% do profesorado pensa que eles mesmos se aseguran de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para as diferentes materias.</p> <p>9. O 80% do equipo directivo pensa que o alumnado aprende a programar e codificar no centro.</p> <p>10. O 70% do equipo directivo pensa que o alumnado aprende a solucionar problemas técnicos que xorden ó utilizar as TIC.</p>	<p>información en Internet</p> <p>7.O 52% do profesorado pensa que o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>8. O 56% do profesorado pensa que o alumnado non aprende a comunicarse usando TIC.</p> <p>9. O 38% do alumnado utiliza TIC nas diferencias materias.</p> <p>10. O 46% do profesorado e ó 56% do alumnado pensa que o alumnado non aprende a programar e codificar no centro.</p> <p>11. O 50% do profesorado pensa que o alumnado aprende a solucionar problemas técnicos que xorden ó utilizar as TIC</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA	<p>1. O feito de ser un centro pequeno favorece a identificación das dificultades que xorden para a aprendizaxe mixta.</p> <p>2. No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensinanza-aprendizaxe.</p>	<p>1. Un 32% afirma que non hai no centro dispositivos dixitais suficientes para a ensinanza.</p> <p>2. O 40% do profesorado e equipo directivo considera que non hai sistemas suficientes de protección de datos.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. A maioría do equipo directivo e do profesorado pensa que a estratexia dixital do centro se acorda co profesorado, entre ambos.</p> <p>2. No noso centro os ANEAE ten acceso ás tecnoloxías asistenciais.</p> <p>3. No centro foméntase o intercambio e experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>4. Úsanse de forma maioritaria ferramentas dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>5. O 68% cre que o equipo directivo axúdanos a utilizar as TIC para fins de avaliación.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Máis do 70% dos membros do equipo directivo e do profesorado cren que se apoia ó profesorado para que explore en novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. O 72% do profesorado considera que ten oportunidade de debater, as necesidades de DPC dos docentes.</p> <p>3. Máis do 80 % dos membros do equipo directivo e máis do 50 % do profesorado pensa que hai oportunidades para o desenvolvemento profesional continuo en o ámbito de as tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. A menos da metade do profesorado lle parece suficiente o tempo para explorar o ensino dixital.</p> <p>2. Máis da metade do profesorado (56%) cre que non existe un plan para axudalos a afrontar os desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		<p>1. Menos da metade do profesorado e o equipo directivo non colaboramos con outros centros e organización para apoiar o uso de TICs.</p>
	OUTRAS ENTIDADES		<p>1. Aínda que para o equipo directivo (70%) cre que a asistencia técnica cando xorden problemas coa tecnoloxías dixitais é axeitada, o profesorado (58%) pensa o contrario.</p>

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Despois da análise DAFO reunímonos para priorizar cales ían ser os obxectivos do plan de cara ao vindeiro curso. Sería imposible e ineficaz tratar de conseguir todos os obxectivos necesarios nun só curso, polo que entre todos escollemos os seguintes:

- Mellorar os espazos físicos para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
- Dotar o centro de dispositivos dixitais para que o alumnado poida levar a casa
- Facilitar que o alumnado empregue as TIC na súa aprendizaxe
- Lograr que a utilización da tecnoloxía na aprendizaxe sexa unha motivación para o alumnado

Estes obxectivos veñen concretados nas táboas do seguinte punto.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a consecución dos obxectivos propostos sería necesaria e imprescindible unha mellora/amplicación, do equipamento que posuímos no centro. Sería necesaria a dotación de equipos para que o alumnado os puidese empregar na aula ou, nalgún caso, levalo para casa se fora necesario. Para concretar o equipamento necesario realizaranse uns tests de necesidades a principio de curso.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: C – Infraestruturas e equipos						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar os espazos físicos para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo / Profesorado / Administración				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	1 – Menos do 60%; 2 – Entre 60 e 80%; 3 – Máis do 80%					
Valor de partida (3)	58,00%					
Valor previsto e data (4)	80,00%			01/03/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realización dun inventario detallado do equipamento dispoñible	Equipo TIC	Setembro 22	Folla de inventario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud de equipamento dixital para dotar os espazos	Equipo directivo	Decembro 22	Solicitud, Correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Reparto do material adecuado ás características do grupo-aula	Equipo directivo	Xaneiro 23	Equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H – Competencias dixitais do alumnado						
2. OBXECTIVO (1):	Dotar o centro de dispositivos dixitais para que o alumnado poida levar a casa				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo / Profesorado / Administración				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	1 – Menos do 60%; 2 – Entre 60 e 80%; 3 – Máis do 80%					
Valor de partida (3)	50%					
Valor previsto e data (4)	70,00%			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Recollida de datos do tipo de dispositivos que o alumnado bota en falta no centro	Profesorado	Decembro 23	Test que o alumnado debe cubrir		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Análise e priorización dos dispositivos nomeados polo alumnado	Profesorado	Xaneiro 23	Resultados obtidos nos tests		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Adquisición / solicitude dos dispositivos	Equipo directivo / Administración	Marzo 23	Orzamento, Equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F – Pedagogía: Implementación na aula						
3. OBXECTIVO (1):	Facilitar que o alumnado empregue as TIC na súa aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O alumnado emprega as TIC frecuentemente como unha ferramenta máis á hora de aprender					
Valor de partida (3)	1 – Menos do 60%; 2 – Entre 60 e 80%; 3 – Máis do 80%					
Valor previsto e data (4)	70%			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Análise da situación de partida dos recursos dixitais na web	Profesorado	Setembro 23	Test para o alumnado Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Ampliación do banco de recursos dixitais que o alumnado poida empregar	Profesorado	Xuño 23	Equipamento Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Exposición ao alumnado do banco de recursos	Profesorado	Xuño 23	Equipamento Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F – Pedagogía: Implementación na aula						
4. OBXECTIVO (1):	Facilitar que o alumnado empregue as TIC na súa aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O alumnado emprega as TIC frecuentemente como unha ferramenta máis á hora de aprender					
Valor de partida (3)	1 – Menos do 60%; 2 – Entre 60 e 80%; 3 – Máis do 80%					
Valor previsto e data (4)	70%			Xuño 23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Análise da situación de partida dos recursos dixitais na web	Profesorado	Setembro 23	Test para o alumnado Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Ampliación do banco de recursos dixitais que o alumnado poida empregar	Profesorado	Xuño 23	Equipamento Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Exposición ao alumnado do banco de recursos	Profesorado	Xuño 23	Equipamento Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Avaliación Procesual: Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado ou se é necesario realizar variacións no plantexamento das accións durante o curso (trimestralmente) para que as propostas materialicen.

No caso das accións que rematan antes do trimestre, cada unha será avaliada no momento previsto de remate, deseñando uns instrumentos adecuados para elo. Estes resultados serán analizados para realizar as modificacións requeridas.

Avaliación final: Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores. Deseñaranse ferramentas oportunas para a análise do resultado final.

5. Difusión do plan

Despois da aprobación polo Consello Escolar, previa información ao Claustro do plan, este será colgado na web do centro enviando unha mensaxe por Abalar ás familias para que poidan consultalo.

Ao comezo do novo curso, os mestres que viñesen novos ao centro, serán informados do plan.